

## POLÍTICA ENERXÉTICA DO GRUPO EUSKALTEL

O Grupo Euskaltel, comprometido na loita contra o cambio climático e consciente do impacto enerxético das súas actividades, optou pola implantación dun Sistema de Xestión Enerxética baseado na Norma UNE-EN ISO 50001, cuxa finalidade é mellorar de forma continua a xestión dos consumos enerxéticos e reducir as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI).

Para garantir este obxectivo, o Grupo Euskaltel desenvolve, co compromiso de toda a organización, directrices e metas encamiñadas á óptima xestión enerxética dentro dun marco de mellora do desempeño. A Dirección adquire un compromiso de:

- Mellorar continuamente o desempeño enerxético do Grupo Euskaltel e o Sistema de Xestión Enerxética.
- Fomentar o uso eficiente da enerxía e o aforro enerxético mediante o emprego de técnicas de aforro nas súas instalacións
- Implantar tecnoloxías e mellorar as existentes para consumir enerxía nas instalacións de maneira máis eficiente.
- Fomentar a mellora nos hábitos de consumo de enerxía en canto ao aforro da mesma entre os traballadores e calquera das persoas alleas que empreguen as súas instalacións.
- Apoiar a compra de produtos eficientes en enerxía co fin de mellorar o rendemento enerxético.
- Cumprir os requisitos legais e aqueles que a organización subscriba relacionados co uso, consumo e eficiencia enerxética.
- Asegurar a dispoñibilidade da información e os recursos necesarios para o cumprimento dos obxectivos e metas enerxéticas que a organización estableza.
- En xeral, coidar o Ambiente mediante as accións anteriormente citadas e contribuír á redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) e, con iso, reducir a súa pegada ambiental.

Esta política é comunicada a toda a organización, e será revisada periodicamente para asegurar así que é apropiada para o Grupo Euskaltel en cada momento.



**D. José Miguel García Fernández**  
*Conselleiro Delegado*